

Campionato Xunta de Galicia de Trail-O

Boletín 2

Presentación

O próximo 23 de Agosto o Club AROMON Pontevedra organiza o Campionato Xunta de Galicia Trail-O 2025. Esta competición oficial está amparada pola Federación Española de Orientación (FEDO), o Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Galega de Orientación (FEGADO).

Este formato está aberto a calquera persoa que queira participar, xa sexa en promoción ou en categoría oficial. A efectos de clasificación para o Campionato Xunta de Galicia, únicamente computarán deportistas con licenza federativa de tempada FEDO por un club galego.

As persoas non federadas ou con licenza de proba só poderán participar en categorías de Iniciación.

A proba terá lugar no mapa de Monteporreiro, de nova elaboración, no concello de Pontevedra.

Organización

Organizador: Club AROMON Pontevedra

Dirección da proba: Teresa Bellón Santos

Cartografía: Gilberto Díaz

Trazados: Pelayo García Acevedo

Xuíz Controlador: Antonio Domínguez Portas

Email de contacto: orientacion@aromon.gal

Localizacións ([Ver mapa](#))

Secretaría

A secretaría estará aberta dende as 16:00 na explanada da corentena.

Corentena

Haberá corentena aberta **dende ás 16:00 e ata as 16:30. A partir das 16:30 non se poderá acceder.** Estará situada no Aparcadoiro Público situado na intersección de Rúa Dinamarca e Rúa Francia na súa parte norte: [CORENTENA](#)

Aparcamento

Poderase aparcarse ao longo de toda a Rúa de Dinamarca e Rúa de Francia, así coma en todas as inmediacións do área de Monteporreiro, excluindo os parkings dentro do área embargada.

Area embargada

Prohíbese o acceso ao area publicada así como a visualización de mapas ou a utilización de calqueira dispositivo con representación do terreo.



Mapa

Mapa de nova elaboración, escala 1:2000 equidistancia 2m

Unha parte do terreo está cuberta por árbores de gran envergadura e ampla copa, que se representaron co símbolo 405 - Bosque, e en ningún caso como árbores illados, reservando así os símbolos 417 - Árbol grande prominente e 418 - Arbusto prominente ou pequeno árbore individual para outros árbores de menor envergadura diseminados por todo o mapa.

Trazados


Formato **PRE-O** con 1 punto cronometrado. Distancia de 500m e 6m de desnivel no trazado posterior con 18 desafíos na categoría Iniciación. Distancia de 700m e 8m de desnivel no trazado posterior con 21 desafíos nas categorías OPEN e PARA.

Existencia de remolcadores para axudar as cadeiras de rodas nas costas con maior % de desnivel.

ONE WAY: Nas categorías OPEN e PARA existe un punto "ONE WAY" ou zona sen retorno, marcado no mapa e físicamente no chan, marcará un límite para tomar a desición de ese desafío en concreto, non podendo moverse máis alá deste punto para marcar a resposta. O paso por unha zona "One way" deberá de facerse sen deterse, e sen poder volver atrás.



4	A-C	↘			↓
ONE-WAY →					
5	A-C	↘	⌘		↙
6	A-C	←	⌘	○	↓
ONE-WAY →					
7	A-B	⌘		↑	↘



4	A-B	↘		○	
5	A	↙	↘	○	
ONE-WAY >					
6	A-B	↘		○	↙
7	A-C	▲	▲	↑	
ONE-WAY >					
8	A-C	↙	▲	○	↘

Regulamento

A proba está suxeita ó regulamento e ás normativas anuais da FEGADO:

[-Normas Anuais FEGADO](#)

[-Regulamento FEDO](#)

Categorías

OPEN-ELITE: Participan os competidores federados sen unha discapacidade física permanente e as persoas con discapacidade que o desexen.

PARALIMPICA:(Personas con discapacidade): Soamente participan os competidores federados cunha discapacidade física permanente, que reduza significativamente a súa mobilidade nos términos indicados pola IOF.

OPEN-INICIACIÓN: De menor complexidade, ideadas para persoas sen licencia federativa.

*As persoas deportistas non federados só poderán inscribirse
na categoría de OPEN-INICIACIÓN*

Cronometraxe

O sistema de control será **con picada tradicional**, utilizandose o rexistro con sportident para a toma de tempos, no caso de ter que alugar unha tarxeta sportident, non se cobrará ningún importe.

Os tempos máximos de carreira serán de 69 minutos en Iniciación e 84 minutos en OPEN e PARA.

Horarios ACTUALIZADOS

- 16:00 Apertura da secretaría
- 16:30 Peche da corentena
- 16:35 Inicio de Saídas
- 19:00 Peche de meta (poderase adiantar según a hora de saída do último participante)
- 19:00 Entrega de premios campionato Xunta de Galicia de Trail-O

Inscricións

Data límite 23:50 horas do domingo 17 de agosto de 2025. A través do sistema de inscricións da FEGADO <https://intranet.fegado.es>

PREZOS:

- Federados: 7€
- Non federados/as categoría de OPEN-INICIACIÓN: 10€

Outros prezos

- Reposición de Dorsal: 2€
- Inscricións fora de prazo: +100% da cuota correspondente

Os corredores NON federados deberán de inscribirse a través de un club FEGADO.

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha **copia do xustificante** da transferencia, á dirección de correo electrónico: info@aromon.gal

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios, realizarán un **único ingreso** bancario co importe total.

o Datos para realizar o pago:

- TITULAR: Club AROMON
- IBAN: ES27 3070 0047 9362 6495 0129
- CONCEPTO: PONTEVERÁN+Nome do Club

o Enviar copia do comprobante de pago ó correo: info@aromon.gal

o Os clubs que desexen factura deberán indicalo e achegar os seus datos fiscais.

o Poderase facer un único pago das 3 probas conxuntas do fin de semana.

coa colaboración de:



Concello
de Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
Pontevedra